*Semanas do 4 - 15 de maio*

**PROPOSTA DE ACTIVIDADES MUSICAIS PARA 2º CICLO**

Ola, espero que sigades con moito ánimo para seguir o camiño que nos queda ata final de curso, que por outra banda, xa sabedes que remata sin poder voltar ás aulas. Situación que dáme moita pena por non poder despedirme de vós como merecedes pero sen dúbida, coincidiremos polas rúas da Estrada e darémonos un abrazo aínda que sexa con mascarilla.

Unha semana máis achégovos a miña proposta de actividades que esta vez son para desenvolver nos seguintes quince días.

**1ª_ *En cinco liñas e catro espazos!***: Como sabes, un pentagrama ten cinco liñas e catro espazos. Inventa unha melodía, nun pentagrama feito por ti nun caderno, tendo coidado de colocar ben as notas e as súas plicas. Podes utilizar as figuras e os silencios que coñeces (negra, branca, dobre corchea) Non olvides poñer a clave de sol ao principio do pentagrama.










**2ª _ *Combinando percusións!***: segue o ritmo desta canción de Katy Perry (The one that got away) coas propostas de percusións corporais, percusións con obxectos e percusións instrumentais. Se non tes triángulo non te preocupes, substitúelo por outra cousa que teñas na casa. Ten coidado cos silencios e co tempo da música que é bastante rápido pero inténtao.

https://youtu.be/zEkJHzOIByM

**3ª_ *Pasatempos musicais***: por último, déixovos nas seguintes páxinas un xeroglífico de notas, un encrucillado e catro cubos musicais para construír e xogar. Divírtete!

Lembrade que podedes repasar ou facer, se tedes algunhas pendentes e na medida das vosas posibilidades, actividades musicais das semanas anteriores.

Un abrazote virtual.

Rebeca

# JEROGLÍFICO DE NOTAS

Cuando por  mañana sale el 

me voy andan  hasta  playa;

allí o se oye el mar. Me pongo

 caseta , cojo 

barca y mo,  me tigo,

dejo de mar y me que

en , tumba sobre  arena,

para escuchar  múca marina.

***ENCRUCILLADO:*** Completa o encrucillado co nome destos instrumentos musicais.



***CUBOS MUSICAIS:*** a continuación tes varios cubos para construir e xogar por si podes imprimilos. Unha vez montados e pegados a maneira de xogar sería a seguinte:

Participantes: un ou varios.

Material: 4 cubos, un cronómetro, un lápis e un papel.

Desenvolvemento do xogo: lanzar un cubo (podedes variar e lanzar os catro á vez, tres, dous) observar que instrumento sae, cronometrar 30 segundos e comenzar a escribir no papel o nome do instrumento, a que familia pertence (corda, vento ou percusión) e de que material está feito. Canta máis información poñas mellor. Gaña quen escriba todo correcto e no mínimo tempo posible.







